



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Documento	Anuncio do Tribunal
Trámite	Cualificación provisional do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu.

Anuncio do Tribunal

Tendo en conta que **ALBA CARRERA DACUÑA, única aspirante que ten superados o primeiro e segundo exercizo**, "Probas teóricas" e "Proba práctica", respectivamente, do citado procedemento, resulta **exenta da realización do terceiro exercizo "Coñecemento da lingua galega"** por ter presentada, en tempo e forma, mediante escrito de data 21.10.2020 (RE núm.2020-E-RC-4924), a documentación acreditativa (copia auténtica) do certificado Celga IV ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo, en base ao disposto no apartado 2º da base 5ª e no apartado 2º da base 8ª das bases reguladoras do devandito procedemento.

Cumprimentadas polo Tribunal as actuacións que resultan da base 8ª "Probas selectivas", a **cualificación provisional do proceso selectivo, determinada pola suma das puntuacións obtidas pola única aspirante que ten superados a totalidade dos exercizos da oposición**, é a seguinte:

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN 1º EXERCIZO Probas teóricas	PUNTUACIÓN 2º EXERCIZO Proba práctica	PUNTUACIÓN 3º EXERCIZO Lingua galega	CUALIFICACIÓN FINAL
CARRERA DACUÑA ALBA	***5414**	6,80 (Test) 5,00 (Cuestionario)	12,00	Exenta	23,80

De acordo coa regulación sinalada no paragrafo 3º da base 9ª das bases reguladoras de dito procedemento, **exponse ao público, a listaxe provisional de aspirantes aprobados pola súa orde de puntuación total, concedendo o prazo máximo de (02) dous días hábiles (22 e 23 de outubro), que se contará dende a publicación do presente anuncio no que o Tribunal fai pública a cualificación provisional do procedemento selectivo co indicación da totalidade das puntuación acadadas pola única aspirante que superou o procedemento, no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), para os efectos de presentación das reclamacións e alegacións que se estimen pertinentes en relación coa puntuación obtida nas distintas probas.**

As reclamacións e alegacións deberán presentarse mediante instancia dirixida á

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 52HWAJZD.Y4RFZ.NQSTCZALEG | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

Presidenta do Tribunal do seguinte xeito:

1º. No rexistro xeral do concello de Bueu sito na planta baixa da casa consistorial do concello de Bueu (RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA).
O horario de atención ao público do Rexistro é de 9,00 a 14,00 horas.

2º.- Electronicamente, mediante tramitación electrónica da correspondente instancia xeral á que se accede dende a pestaña "Catalogo de trámites" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>)

3º.- Correo certificado urgente xunto co envío, dentro do prazo de reclamacións, do TEXTO COMPLETO da reclamación ou alegación e XUSTIFICANTE DO ENVÍO EN PRAZO na correspondente oficina de correo, á seguinte dirección de correo electrónico:

secretaria@concellodebueu.gal

Resultas as posibles alegacións e reclamacións, o tribunal exporá ao público, a listaxe definitivo de aspirantes aprobados pola súa orde de puntuación total e proporá á persoa que obtivese maior puntuación total como única persoa que superou o proceso selectivo, no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público"), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que a aspirante considere oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, a interesada tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se fai público mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado "Cidadanía"- "Procesos selectivos"-1- "Proceso selectivo técnico/a administración xeral"), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 9ª e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo.

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 52HWAJZD.Y4RFZ.NQCSTCZALEG | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2